

A Xunta da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, reunida con carácter extraordinario e urxente con data 29 de maio de 2020, continuada o 3 de xuño, procedeu a analizar o documento presentado polo Equipo Reitoral baixo o título

Plan de impulso e consolidación da docencia presencial no SUG Curso 2020-2021

como único punto da orde do día.

Tras unha sesión singularmente participativa acorda formular as seguintes reflexións:

1º - POSICIÓN DA XUNTA DE ESCOLA EN RELACIÓN Á PUBLICACIÓN DO “PLAN DE IMPULSO...”

Lamentamos que o documento se trasladase á Xunta de Galicia e aos medios de comunicación antes de ser enviado á comunidade universitaria, sen que se especifiquen no mesmo os membros do grupo de traballo que o elaboraron e sen que se suscitase ningún debate sobre o mesmo.

Así mesmo, láméntase o momento escollido para iniciar un proceso de tal calado, nun contexto certamente limitativo e pouco propicio ao debate, e sen a debida participación de tódolos grupos implicados na docencia.

Entendemos que o documento confunde a excepcionalidade que implica un estado de alarma cunha planificación de futuro a implementar en condicións de normalidade. Se ben o centro afrontou, con tódolos medios dispoñibles, e en grande medida particulares, a situación sobrevida, dito posicionamento dificilmente se pode entender directamente coma un enfoque de progreso e mellora de calidade, superior por tanto á normalidade precedente. E por iso, non se asume que deba de ser unha meta a implantar máis alá dun estado de alarma, entre outras cuestións porque aínda non se teñen resultados que permitan valorar con certo rigor os seus efectos nas aprendizaxes pretendidas nin a medida de esforzo que os docentes veñen de realizar.

Do mesmo xeito, non se comparte o enfoque polo cal se mesturan indiscriminadamente criterios sanitarios e proxectos de transformación, que precisan contextos de debate e tempos de implantación ben diferenciados.

Por último, entendemos que non resulta aceptable ningunha proposta sobre o futuro da docencia universitaria sen unha análise e reflexión do que supuxo para a mesma a crise financeira do 2008, como foi a súa evolución nestas dúas primeiras décadas do século e cales foron as nosas respostas ante a mesma, preservando con grandes sacrificios a calidade da formación e competencias dos nosos e das nosas egresadas.

2º - POSICIÓN DA XUNTA DE ESCOLA EN RELACIÓN AOS OBXECTIVOS DO “PLAN DE IMPULSO...”

A Xunta cuestiona un importante número de compoñentes do “Plan de Impulso...”, algúns dos cales se especifican aquí:

Requisitos de planificación académica

A redacción do apartado 3.1 establece determinados requisitos de planificación académica exixibles a tódalas titulacións presenciais. Por máis que se destaque este último termo, o certo é que o documento, de ser aprobado, exixiría o acceso en liña á totalidade dos recursos materiais necesarios para obter a máxima cualificación. Este punto deixaría ao marxe da avaliación (e por tanto da ensinanza) un

extensísimo conxunto documental, o que empobrecería de forma máis que significativa a aprendizaxe nas distintas materias das nosas titulacións. Non en van a biblioteca da Escola contén no momento presente 58869 volumes e 377 títulos de revistas, sendo unha das mellores no seu campo a nivel nacional, de forma que a súa adquisición, para xestións en liña, sería totalmente inasumible para a institución.

Materiais docentes

O ítem anterior se completa no texto con outro que exige a elaboración de materiais adaptados especificamente á docencia non presencial, sen consideración algunha a cuestións estratéxicas coma os medios e as dedicacións horarias. O certo é que o cadro docente do centro ven elaborando dende sempre materiais académicos especificamente deseñados para favorecer a auto aprendizaxe do estudantado e a xestión persoal dos seus propios tempos de estudo, non só nun contexto crítico coma o actual. Nembargantes, faise notar que a exigencia de que dito material sexa directamente accesible en liña colisiona frontalmente cos actuais requisitos polos cales se valora a traxectoria do docente, e que, coma mínimo, exigen a súa publicación regrada baixo ISBN.

A avaliación

A Xunta de Escola maniféstase igualmente en contra do exposto nos parágrafos que atenden aos criterios de avaliación. En absoluto se trata dunha oposición aos mecanismos de avaliación continua, que xa se aplican en moitas das materias impartidas no centro, senón da oposición frontal á obrigatoriedade de establecer criterios limitativos contrarios á liberdade de cátedra, coma son os propios porcentaxes, que se fan extensibles a tódalas materias e titulacións sen atención algunha ás singularidades que cada caso conleva. Así mesmo, sinálase o parágrafo relativo á previsión dun sistema de avaliación alternativo como especialmente incoherente, inoportuno e lesivo para a doada planificación docente, toda vez que parece derivar cara o estudantado a decisión última sobre a forma en que este debe de ser avaliado.

Dereitos de autoría e protección de datos

Por último, no que atende ao citado punto 3.1, a Xunta cuestiona a obrigatoriedade de gravación de sesións síncronas, tema que se establece aquí sen atención algunha aos dereitos de autor e de protección de datos que afectarían ao profesorado, e que é necesario salvagardar en cumprimento da lexislación de rango superior. O texto confunde un obxectivo loable (a accesibilidade dos medios de aprendizaxe) cunha vía única de consecución do mesmo.

3º - POSICIÓN DA XUNTA SOBRE OS ESTUDOS DE ARQUITECTURA, URBANISMO E PAISAXE ANTE O “PLAN DE IMPULSO...”

Sendo a construción do coñecemento en arquitectura, urbanismo e paisaxe un acto colectivo e de alta repercusión social, este debe de ser soportado na presencialidade tanto na aula coma nos lugares onde esas disciplinas se manifestan (os laboratorios e talleres, o terreo, as obras ou as oficinas profesionais).

É por iso que a Xunta de Escola pronúnciase inequivocamente a prol do ensino presencial (non en van títulos así non se ofertan en institucións a distancia con certo percorrido, como a UNED, a UOC, a Universidade Aberta ou a Open University).

A Xunta de Escola non se opón en absoluto á introdución de novas tecnoloxías e a evolución cara experiencias innovadoras nos títulos deste Centro, como xa ven de facer ao longo dos seus case 50 anos de historia. Pero cuestiona enerxicamente que este documento, nos termos cos que se redactou, realmente poida dar un impulso á ensinanza presencial. Pola contra, entendemos que, mesturando situacións extraordinarias e proxectos de futuro, poida derivar nun claro empobrecemento da nosa oferta

de ensinanza e aprendizaxe.

Por todo o ata aquí expresado, a XUNTA DE ESCOLA DA ETSAC manifesta a súa posición:

I. A presencialidade na docencia da arquitectura, o urbanismo e a paisaxe é un requisito ineludible, que poderá ser complementado co uso de novas tecnoloxías da comunicación, cuxo alcance e implementación deben de ser en todo caso obxecto de debate interno, de forma que a non presencialidade sexa un recurso que o centro manexará cando o estime oportuno de acordo coa súa planificación docente.

II. Rexeitamos vincular a posible participación do profesorado nesta iniciativa cos complementos retributivos, como se fai no apartado 5. Esta negativa facémola extensiva á posible vinculación da financiación dos Títulos coa adscrición ao “Plan de impulso...”.

Entendemos que isto atentaría frontalmente contra o que implica una valoración ecuánime da actividade docente, toda vez que identifica medios dixitais coa calidade da ensinanza, identidade que non sempre é directa e esquece os esforzos xa realizados ata esta data neste centro. Así mesmo, a consideración pode ser lesiva para aquelas titulacións, como as impartidas no centro, nas que, coma se ven de comentar, son precisamente as estratexias despregadas en contextos presenciais as que producen maioritariamente os mellores resultados de aprendizaxe.

III. Esta Xunta expresa o seu rexeitamento ao documento de referencia, solicitando a súa inmediata retirada.

IV. Ante a situación plantexada solicítase a apertura no seno da UDC, e no seu caso do SUG, de procesos que conduzan a:

1.- A definición dunhas bases sobre as que satisfacer os previsibles requisitos sanitarios de cara ao inicio do curso 2020-2021, de forma que dende os centros se poidan elaborar plans de continxencia que, entre outras cousas, permitan afrontar as oportunas actividades académicas salvaguardando determinados requisitos de ocupación, e en todo caso cos medios de protección que se consideren necesarios.

Así mesmo, a ETSAC ofrécese para colaborar con outros centros nestas cuestións, toda vez que precisamente a nosa formación nos fai expertos na xestión de espazos.

2.- A apertura de debates participativos e transparentes, iniciados dende os centros sobre a implementación de competencias dixitais como o apoio á docencia presencial, cuestión á que a ETSAC en modo algún renuncia, como testemuña a existencia no seu seno de diversos grupos de innovación educativa, de forma que neste proceso poidan participar axeitadamente tódolos grupos de interese e se poidan atender expresamente as singularidades dos títulos impartidos e as especificidades das infraestruturas dispoñibles.

3.- O deseño dun plan de potenciación das capacidades dixitais da ETSAC, que inclúa entre outras accións a ampliación de instalacións do seu actual Laboratorio de Fabricación Dixital e a provisión de maquinaria e software de alta tecnoloxía que permita satisfacer dende un SUG, que hoxe está non eficazmente dixitalizado, una oferta académica tecnolóxica da máxima calidade nos campos da arquitectura, o urbanismo e a paisaxe.

4.- A nosa Universidade conta con algunha titulación única no SUG e participa no único grao compartido por dúas universidades. A situación de competencia pola matrícula en centros das tres universidades galegas é absolutamente empobrecedora. Neste sentido o “Plan de impulso e consolidación...” só podería entenderse como tal, se cada una delas non funcionase coma un compartimento estanco dixital. A superación desta situación permitiríanos traballar nunha Universidade Galega Pública forte, moderna, competitiva internacionalmente e atractiva. Por iso, reclamamos unha profunda reflexión sobre as

capacidades reais do SUG para poñer en práctica transformacións como as que se desprenden do documento, analizando os dereitos das partes, as posibles confrontacións con normas de ámbito superior, e a viabilidade económica dunha implementación a grande escala e competitiva das metodoloxías e competencias dixitais.

5.- Temos a certeza de que un incremento da virtualidade non se traducirá senón no deterioro da calidade da ensinanza, trasladándonos a esferas académicas onde rexen outro tipo de proposicións. O cambio de modelo conducirá, indefectiblemente, á degradación da nosa Universidade. O carácter presencial, o ámbito territorial e o prestixio e tradición das nosas titulacións radica nun modelo en que podemos competir.

6.- O adelgazamento da presencialidade nas nosas universidades implica, necesariamente, graves consecuencias económicas para as áreas nas que se sitúan os seus campus. A vida universitaria non é só un vector de dinamización económica, senón de formación de futuros cidadáns responsables, reflexivos e participativos.

A Coruña, tres de xuño de 2020